



Discurso do Santo Padre

Papa Francisco¹

Nápoles, 21 de xullo de 2019

Queridos estudantes e profesores, queridos irmáns bispos e sacerdotes, señores cardeais:

Estou contento ao atoparme hoxe convosco participando neste Congreso. Devolvo con afecto o saúdo ao querido irmán o Patriarca Bartolomeu, un gran precursor da *Laudato sii* –por anos precursor–, que desexou contribuír á reflexión coa súa mensaxe persoal. Grazas ao querido irmán Bartolomeu.

O Mediterráneo é desde sempre lugar de tránsito, de intercambio e, en ocasións, tamén de conflito. Coñecemos tantos. Este lugar colócanos hoxe ante unha serie de cuestións, a miúdo dramáticas. Estas pódense traducir nalgunhas preguntas que nos fixemos no encontro interrelixioso de Abu Dhabi: Como coidarnos reciprocamente na única familia humana? Como alimentar unha convivencia tolerante e pacífica que se traduza en auténtica fraternidade? Como facer para que nas nosas comunidades prevaleza a acollida do outro, de quen é distinto a nós porque pertence a unha tradición relixiosa e cultural diferente á nosa? Como poden ser as relixións camiños de irmandade e non muros de separación?

1 Discurso do Papa Francisco con motivo do congreso «A Teoloxía despois da *Veritatis Gaudium* no contexto do Mediterráneo», organizado pola Pontificia Facultade Teolóxica de Italia Meridional. Tivo lugar na Praza adxacente á Facultade o Venres, 21 de xuño de 2019.

Estas e outras cuestións teñen que ser interpretadas a varios niveis, e piden un esforzo xeneroso de escoita, de estudo e de confrontación a fin de promover procesos de liberación, de paz, de fraternidade e de xustiza. Debemos convencernos: Trátase de iniciar procesos, non de facer definicións de espazos, ocupar espazos... Iniciar procesos.

1.- Unha teoloxía da acollida e do diálogo

Ao longo deste Congreso analizastes en primeiro lugar contradicións e dificultades no espazo do Mediterráneo, e preguntástesvos despois sobre as solucións máis axeitadas. Para iso, preguntástesvos que teoloxía é apropiada no contexto onde vivides e traballades. Diría que a teoloxía, de maneira especial nun contexto deste tipo, está chamada a ser unha teoloxía da acollida que sirva para desenvolver un diálogo sincero coas institucións sociais e civís, con centros universitarios e de investigación, coas autoridades relixiosas e con todas as mulleres e os homes de boa vontade, para construír pacificamente unha sociedade inclusiva e fraterna e tamén para custodiar a creación.

Cando no Proemio de *Veritatis gaudium* se menciona a profundación do *kerigma* e o diálogo como criterios para renovar os estudos, quérese dicir que estes se atopan ao servizo do camiño dunha Igrexa que pon cada vez máis no seu centro a evanxelización. Non a apoloxética, non os manuais –como escoitamos–: evanxelizar. No centro está a evanxelización, que non quere dicir proselitismo. No diálogo coas culturas e as relixións, a Igrexa anuncia a Boa Nova de Xesús e a práctica do amor evanxélico que El predicaba como unha síntese de toda a ensinanza da Lei, das visións dos Profetas e da vontade do Pai. O diálogo é máis que nada un método de discernimento e de anuncio da Palabra de amor que se dirixe a toda persoa e que desexa habitar no corazón de cada un. Só na escoita desta Palabra e na experiencia do amor que ela comunica pode discernirse a actualidade do kerigma. O diálogo, deste xeito intenso, é unha forma de acollida.

Quixese salientar que,

o discernimento espiritual non exclúe as achegas dos saberes humanos, existenciais, psicolóxicos, sociolóxicos e morais. Pero transcéndeos. E nin sequera ten suficiente coas sabias normas da Igrexa. Lembramos sempre que o discernimento é unha graza [...] –un don–. O discernimento, en fin, conduce á fonte mesma da vida que non morre, é dicir, «que te coñezan a ti, o único Deus verdadeiro, e a aquel que enviaches, Xesús Cristo (Xn 17, 3) (Exhort. ap. *Gaudete et exsultate*, 170).

As escolas de teoloxía renóvanse coa práctica do discernimento e cun modo dialoxal de proceder, capaz de crear o correspondente clima espiritual e de práctica intelectual. Trátase dun diálogo tanto na formulación dos problemas como na procura conxunta das vías de solución. Un diálogo capaz de integrar o criterio vivo da Pascua de Xesús co movemento da analoxía, que le –na realidade, na creación e na historia– nexos, signos e referencias teolóxicas. Isto leva a asunción hermenéutica do misterio do camiño de Xesús, que o conduce á cruz e á resurrección e ao don do Espírito. Asumir esta lóxica xesuánica e pascual é indispensable para comprender como a realidade histórica é interrogada pola revelación do misterio do amor de Deus. Daquel Deus que na historia de Xesús –en cada ocasión e dentro de todas as contradicións– se manifesta máis grande no amor e na capacidade de reparar o mal.

Ambos os movementos son necesarios e complementarios: un movemento desde abaixo cara ao alto que pode dialogar, con sentido de escoita e discernimento, con cada instancia humana e histórica, tendo en conta todo o espesor do humano; e un movemento desde o alto cara abaixo –onde «o alto» é a posición elevada de Xesús sobre a cruz– que permite, ao mesmo tempo, discernir os signos do Reino de Deus na historia e comprender de maneira profética os signos do anti-Reino que desfiguran a alma e a historia humana. É un método que permite –nunha dinámica constante– confrontarse con toda instancia humana e comprender que luz cristiá ilumina as chagas da realidade e que

enerxías suscita o Espírito do Crucificado Resucitado, en cada ocasión, aquí e agora.

O modo de proceder dialogal é a vía para chegar alí onde se forman os paradigmas, os modos de sentir, os símbolos, as representacións das persoas e dos pobos. Chegar alí –como «etnógrafos espirituais» da alma dos pobos, dicimos– para dialogar en profundidade e, se é posible, para contribuír ao seu desenvolvemento co anuncio do Evanxeo do Reino de Deus, cuxo froito é a maduración dunha fraternidade sempre máis extensa e inclusiva. Diálogo e anuncio do Evanxeo que poden tomar corpo nos modos trazados por Francisco de Asís na Regra non bulada, xusto o día despois da súa viaxe polo oriente mediterráneo. Para Francisco hai unha primeira modalidade onde, simplemente, se vive como cristiáns: «Un modo é que non litiguen nin disputen, senón que se manteñan suxeitos a toda criatura humana por amor de Deus e confesen ser cristiáns» (XVI: FF 43). Existe despois un segundo estadio onde, dóciles sempre aos signos, á acción do Señor Resucitado e ao seu Espírito de paz, se anuncia a fe cristiá como manifestación en Xesús do amor de Deus por todos os homes. Chámame moito a atención aquel consello de san Francisco aos seus frades: «Predicade o Evanxeo; se fose necesario tamén con palabras». Isto é o testemuño.

Esta docilidade ao Espírito implica un estilo de vida e de anuncio sen arela de conquista, sen vontade de proselitismo –esta é a peste– e sen un intento agresivo de confutación. Unha modalidade que entra en diálogo «desde dentro» cos homes e coas súas culturas, coas súas historias, coas súas diferentes tradicións relixiosas; unha modalidade que, en coherencia co Evanxeo, comprende tamén o testemuño ata o sacrificio da vida, como demostran os luminosos exemplos de Carlos de Foucauld, dos monxes de Tibhirine, do bispo de Orán, Pierre Claverie, e de tantos irmáns e irmás que, coa graza de Cristo, foron fieis, con mansedume e humildade, e morreron co nome de Xesús nos beizos e a misericordia no corazón. Neste punto penso, como horizonte e sabedoría, na non violencia, á que a teoloxía debe mirar como elemento propio cons-

titutivo. Sonnos de axuda os escritos e a praxe de Martín Luther King e de Lanza do Vasto, así como as doutros «artesáns» da paz. Axúdanos e dá ánimos a memoria do beato Giustino Russolillo, que foi estudante desta Facultade, e de Don Peppino Diana, o novo párroco asasinado pola camorra, que tamén estudou aquí. E aquí gustaríame mencionar unha síndrome perigosa, que é a «síndrome de Babel». Pensamos que a síndrome de Babel é a confusión que se orixina ao non entender o que di o outro. Este é o primeiro paso. Pero a verdadeira síndrome de Babel é non escoitar o que di o outro e crer que sei o que pensa a outra persoa e que é o que dirá o outro. Esta é a peste!

2.- Exemplo de diálogo para unha teoloxía da acollida

«Diálogo» non é unha fórmula máxica, pero certamente a teoloxía sente a axuda, no seu proceso de renovación, cando o asume con seriedade, cando é impulsado e favorecido entre docentes e estudantes, tamén coas outras formas do saber e coas outras relixións, en especial co xudaísmo e o islam. Os estudantes de teoloxía deberían ser educados no diálogo co xudaísmo e co islam para comprender as raíces comúns e as diferenzas das nosas identidades relixiosas, e contribuír así máis eficazmente á edificación dunha sociedade que aprecia a diversidade e favorece o respecto, a fraternidade e a convivencia pacífica.

Educar aos alumnos nisto. Estudei no tempo da teoloxía decadente, da escolástica decadente, no tempo dos manuais. Entre nós chanceábase, todas as teses teolóxicas probábanse con este esquema, un siloxismo: 1°. As cousas parecen ser así. 2°. O catolicismo sempre ten razón. 3°. Ergo... Esa é unha teoloxía de tipo defensivo, apoloxético, pechada nun manual. Así chanceabamos, pero era o que nos presentaban naquel momento da escolástica decadente.

Buscar unha pacífica convivencia dialogal. Estamos chamados a dialogar cos musulmáns para construír o futuro das nosas sociedades e das nosas cidades; estamos chamados a consideralos com-

pañeiros na construción dunha convivencia pacífica, tamén cando suceden episodios desconcertantes, obra de grupos fanáticos inimigos do diálogo, como a traxedia da pasada Pascua en Sri Lanka. Onte, o cardeal de Colombo díxome isto: «Despois de facer o que tiña que facer, deime conta de que un grupo de persoas, cristiáns, querían ir ao barrio musulmán para matalos». «Convidei o imán a ir comigo en coche, e xuntos fomos alí para convencer aos cristiáns de que somos amigos, que eses son extremistas, que non son dos nosos». Esta é unha actitude de proximidade e de diálogo. Formar aos estudantes no diálogo cos xudeus implica educalos no coñecemento da súa cultura, do seu modo de pensar, da súa lingua, a fin de comprender e vivir mellor as nosas relacións no plano relixioso. Nas facultades teolóxicas e nas universidades eclesiásticas son moi recomendables os cursos de lingua e cultura árabe e hebrea, do mesmo xeito que o coñecemento recíproco entre estudantes cristiáns, xudeus e musulmáns.

Quixese poñer dous exemplos concretos sobre como o diálogo que caracteriza unha teoloxía da acollida pode aplicarse aos estudos eclesiásticos. O diálogo pode ser, sobre todo, un método de estudo, ademais dun método de ensino. Cando lemos un texto, dialogamos con el e co «mundo» do que é expresión; e isto vale tamén para os textos sacros, como a Biblia, o Talmud e o Corán. A miúdo, despois, interpretamos un texto determinado en diálogo con outros textos da súa mesma época ou doutras diversas. Os textos das grandes tradicións monoteístas son, en calquera caso, o resultado dun diálogo. Pódense atopar casos de textos que foron escritos para responder a preguntas sobre cuestións importantes da vida, formuladas por textos precedentes. Esta é tamén unha forma de diálogo.

O segundo exemplo atinxe ao modo en que o diálogo se pode realizar como hermenéutica teolóxica nun tempo e un lugar específico. No noso caso: o Mediterráneo ao comezo do terceiro milenio. Non é posible unha lectura real deste espazo á marxe dun diálogo e sen lanzar unha ponte –histórica, xeográfica, humana– entre Europa, África e Asia. Trátase dun espazo onde a ausencia

de paz produciu múltiples desequilibrios rexionais, mundiais, e cuxa pacificación, a través da práctica do diálogo, podería con todo contribuír moito ao xurdimento de procesos de reconciliación e de paz. Giorgio La Pira diríanos que, para a teoloxía, o afán consiste en contribuír á construción, en toda a conca do Mediterráneo, dunha «gran tenda de paz», onde poidan convivir, en respecto recíproco, os diversos fillos do pai común Abraham. Non esquezades ao pai común.

3.- Unha teoloxía da acollida é unha teoloxía da escoita

O diálogo como hermenéutica presupón e comporta escoita consciente. Isto significa tamén escoitar a historia e as vivencias dos pobos que se asoman ao espazo do mediterráneo, para poder descifrar os feitos que unen o pasado ao presente, e para acoller as feridas, ao mesmo tempo que as posibilidades de futuro. Trátase, de maneira particular, de acoller o modo en que as comunidades cristiás e as vidas proféticas das persoas individuais souberon – tamén recentemente– encarnar a fe cristiá en contextos en ocasións de conflito, de minoría e de convivencia plural con outras tradicións relixiosas.

Tal escoita debe enraizarse profundamente dentro das culturas e dos pobos por outro motivo. O Mediterráneo é en verdade o mar da mestizaxe –se non comprendemos a mestizaxe, nunca comprenderemos o Mediterráneo–; un mar, respecto aos océanos, xeograficamente pechado, pero sempre aberto culturalmente ao encontro, ao diálogo e á inculturación recíproca. Con todo, son necesarias narracións renovadas e compartidas que –a partir da escoita das raíces e do presente– falen ao corazón das persoas, narracións onde sexa posible recoñecerse de maneira construtiva, pacífica e esperanzadora.

A realidade multicultural e plurirrelixiosa do novo Mediterráneo fórmase a partir desas narracións, no diálogo que nace da escoita das persoas e dos textos das grandes relixións monoteístas, e sobre todo na escoita dos mozos. Penso nos estudantes das nosas

facultades de teoloxía, e nos das universidades «laicas» ou doutras inspiracións relixiosas. «Cando a Igrexa –e podemos engadir, a teoloxía– abandona os esquemas ríxidos e se abre a unha escoita dispoñible e atenta dos mozos, esta empatía enriquece, porque «permite aos mozos doar á comunidade a súa propia contribución, axudándoa a acoller sensibilidades novas e a formularse preguntas inéditas» (Exhort. ap. postsin. *Christus vivit*, 65). Acoller sensibilidades novas: este é o desafío.

A profundación do *kerigma* realízase coa experiencia do diálogo que nace da escoita e que xera comunión. Xesús mesmo anunciou o reino de Deus dialogando con toda clase e categoría de persoas do xudaísmo do seu tempo: cos escribáns, os fariseos, os doutores da lei, os publicanos, os doutos, os simples, os pecadores. Revelou a unha muller samaritana, na escoita e no diálogo, o don de Deus e a súa mesma identidade: abriu para ela o misterio da súa comunión co Pai e da sobreabundante plenitude que xorde de aquí. A súa divina escoita do corazón humano abre este corazón para acoller, á súa vez, a plenitude do Amor e a alegría da vida. Non se perde nada co diálogo. Sempre se gaña. Co monólogo, todos perdemos, todos.

4.- Unha teoloxía interdisciplinar

Unha teoloxía da acollida que, como método interpretativo da realidade, adopta o discernimento e o diálogo sincero, precisa da presenza de teólogos que saiban traballar xuntos e de forma interdisciplinar, superando o individualismo no traballo intelectual. Necesitamos teólogos –homes e mulleres, presbíteros, laicos e relixiosos– que, enraizados na historia e na Igrexa, e, ao mesmo tempo, abertos ás inesgotables novidades do Espírito, saiban fuxir das lóxicas autorreferenciais, competitivas e, de feito, cegadoras que a miúdo existen tamén nas nosas institucións académicas e agochadas, moitas veces, nas escolas teolóxicas.

Neste camiño continuo de saída de si e de encontro co outro, é importante que os teólogos sexan homes e mulleres de paixón

—subliño isto: que sexan homes e mulleres de compaixón—, tocados pola existencia oprimida de moitos, polas escravitudes de hoxe, polas chagas sociais, polas violencias, polas guerras e polas enormes inxustizas sufridas por tantos pobres que viven nas beiras deste «mar común». Sen comunión e sen compaixón, sen o alimento constante da oración —isto é importante: pódese facer só teoloxía «de xeonllos»—, a teoloxía non só perde a alma, senón que perde tamén a intelixencia e a capacidade de interpretar cristiamente a realidade. Sen compaixón, extraída do Corazón de Cristo, os teólogos corren o risco de ser fagocitados pola condición de privilexio de quen se coloca prudentemente fóra do mundo e non comparte nada de arriscado coa maioría da humanidade. A teoloxía de laboratorio, a teoloxía pura e «destilada»; destilada como a auga, a auga destilada que non sabe a nada.

Quixese ofrecer un exemplo sobre como a interdiscipliniedade que interpreta a historia pode ser unha profundación do *kerigma* e, se é animada pola misericordia, pode abrirse á transdiscipliniedade. Refírome en particular a todos os comportamentos agresivos e guerreiros que marcaron o modo de habitar o espazo mediterráneo de pobos que se dicían cristiáns.

Aquí enuméranse tanto os comportamentos e praxe coloniais que plasmaron o imaxinario e as políticas de tales pobos, como as xustificacións de toda clase de guerras, e tamén todas as persecucións realizadas en nome dunha relixión ou dunha pretendida pureza racial ou de doutrina. Tamén nós fixemos estas persecucións. Recordo que en *Chanson de Roland*, despois de gañar a batalla, os musulmáns estaban aliñados, todos, fronte á piscina do bautismo, á pía bautismal. Había alí un cunha espada. E fixéronlles elixir: ou o bautismo ou adeus. Vas para o outro mundo. Ou o bautismo ou a morte. Nós fixemos isto. Respecto a esta complexa e dolorosa historia, o método de diálogo e de escoita, guiado polo criterio evanxélico da misericordia, pode enriquecer moito o coñecemento e a relectura interdisciplinar, facendo emerxer tamén, por contraste, as profecías de paz que o Espírito non deixou nunca de suscitar.

A interdisciplinabilidade, como criterio para a renovación da teoloxía e dos estudos eclesiásticos, comporta o esforzo de revisitar e reintegrar continuamente a tradición. Revisitar a tradición e reintegrar. De feito, a escoita como teólogos cristiáns non vén a partir da nada, senón dun patrimonio teolóxico que –precisamente dentro do espazo mediterráneo– afunde as raíces nas comunidades do Novo Testamento, na rica reflexión dos Padres e en múltiples xeracións de pensadores e testemuñas. Trátase da tradición viva que chega ata nós e que pode contribuír a iluminar e descifrar moitas cuestións contemporáneas. Coa condición, porén, de que a relectura se faga cunha vontade sincera de purificación da memoria, é dicir, sabendo discernir en que grao se trata dun vehículo da intención orixinaria de Deus, revelada no Espírito de Xesús Cristo e, doutra banda, en que grao é infiel a esta intención misericordiosa e salvífica. Non esquezamos que a tradición é unha raíz que nos dá vida: transmítenos a vida para que nós poidamos crecer e florecer, frutificar. Tantas veces pensamos na tradición como nun museo. Non! A semana pasada, ou a outra, lin unha cita de Gustav Mahler que dicía: «A tradición é a garantía do futuro, non a gardiá das cinzas».

É fermoso! Vivamos a tradición como unha árbore que vive, que crece. Xa no século quinto, Vicente de Lérins o comprendera ben: o crecemento da fe, da tradición, con estes tres criterios: *annis consolidetur, dilatetur tempore, sublimetur aetate*. É a tradición; pero sen tradición ti non podes crecer. A tradición é para crecer, como a raíz para a árbore.

5.- Unha teoloxía en rede

A teoloxía, tras *Veritatis gaudium*, é unha teoloxía en rede e, no contexto do Mediterráneo, en solidariedade con todos os «náufragos» da historia. No traballo teolóxico que nos corresponde lembramos a san Paulo e o camiño do cristianismo nas orixes, que conecta o oriente co occidente. Aquí, moi preto de onde Paulo desembarcou, é imposible non lembrar que as viaxes do Apóstolo estiveron marcadas por fortes críticas, como sucedeu no naufraxio

no centro do Mediterráneo (Feit 27, 9ss). Naufraxio que fai pensar no sufrido por Xonás. Pero Paulo non foxe, e pode mesmo pensar que Roma era o seu Nínive. Pode pensar que está ante a oportunidade de emendar a actitude derrotista de Xonás, redimindo a súa fuxida. Agora que o cristianismo occidental aprendeu de moitos erros e críticas do pasado, pode retornar ás súas fontes, esperando ser capaz de testemuñar a Boa Nova aos pobos do oriente e do occidente, do norte e do sur. A teoloxía –tendo a mente e o corazón fixos en «Deus clemente e piadoso» (cf. Xn 4, 2)– pode axudar á Igrexa e á sociedade civil a retomar o camiño en compañía de tantos náufragos, animando aos pobos do Mediterráneo a rexeitar toda tentación de reconquista e de clausura da identidade. Ambas nacen, aliméntanse e crecen polo medo. A teoloxía non se pode facer nun ambiente de medo.

O traballo das facultades teolóxicas e das universidades eclesiásticas contribúe á edificación dunha sociedade xusta e fraterna, onde o coidado da creación e a construción da paz son resultado da colaboración entre institucións civís, eclesiais e interrelixiosas. Trátase, antes de nada, dun traballo en «rede evanxélica», é dicir, en comunión co Espírito de Xesús que é Espírito de paz, Espírito de amor na obra da creación e no corazón dos homes e as mulleres de boa vontade de toda raza, cultura e relixión. En analoxía á linguaxe que Xesús emprega para falar do Reino, a interdisciplinabilidade e o tecido de redes queren favorecer o discernimento da presenza do Espírito do Resucitado na realidade. A partir da comprensión da Palabra de Deus no seu contexto mediterráneo orixinal, é posible discernir os signos dos tempos en novos contextos.

6.- A teoloxía despois de *Veritatis gaudium* no contexto do Mediterráneo

Subliñei moito *Veritatis gaudium*. Quixese agradecer aquí publicamente, porque está presente, Mons. Zani, que foi un dos artífices deste documento. Grazas! Cal é entón a tarefa da teoloxía despois de *Veritatis gaudium* no contexto do Mediterráneo? O punto

é, cal é a tarefa? A teoloxía debe sintonizar co Espírito de Xesús Resucitado, coa súa liberdade de ir polo mundo e de chegar ás periferias, tamén ás do pensamento.

Corresponde aos teólogos a tarefa de favorecer sempre de maneira renovada o encontro das culturas coas fontes da Revelación e da Tradición. As antigas arquitecturas do pensamento, as grandes sínteses teolóxicas do pasado son canteiras de sabedoría teolóxica, pero non poden aplicarse mecanicamente ás cuestións actuais. Trátase de coñecelas e amalas para buscar outras vías. Grazas a Deus, as fontes primeiras da Teoloxía, é dicir, a Palabra de Deus e o Espírito Santo, son inesgotables e sempre fecundas; por iso, pódese e débese traballar na dirección dun «Pentecoste teolóxico» que permita ás mulleres e os homes do noso tempo escoitar «na propia lingua» unha reflexión cristiá que responda á súa procura de sentido e de vida plena. Para que isto suceda son indispensables algúns presupostos.

En primeiro lugar, é necesario partir do Evanxeo da misericordia, do anuncio feito por Xesús mesmo e dos contextos orixinais da evanxelización. A teoloxía nace no medio de seres humanos concretos, aos que atopa coa mirada e o corazón de Deus, que vai na súa procura con amor misericordioso. Facer teoloxía é tamén un acto de misericordia. Gustaríame repetir aquí, nesta cidade onde non só hai episodios de violencia senón que conserva moitas tradicións e moitos exemplos de santidad –ademais dunha obra mestra de Caravaggio sobre as obras de misericordia e o testemuño do santo médico José Moscati– gustaríame repetir o que escribín á Facultade de Teoloxía da Universidade Católica Arxentina:

«Tamén os bos teólogos, como os bos pastores, cheiran a pobo e a rúa e, coa súa reflexión, derraman untura e viño nas feridas dos homes. Que a teoloxía sexa expresión dunha Igrexa que é «hospital de campo», que vive a súa misión de salvación e curación no mundo. A misericordia non é só unha actitude pastoral, senón a substancia mesma do Evanxeo de Xesús. Anímovos a que estudeades como, nas diferentes disciplinas –dogmática, moral, espirituali-

dade, dereito, etc.— se pode reflectir a centralidade da misericordia. Sen misericordia, a nosa teoloxía, o noso dereito, a nosa pastoral, corren o risco de caer na mesquindade burocrática ou na ideoloxía, que pola súa propia natureza quere domesticar o misterio»². A teoloxía, polo camiño da misericordia, deféndese de domesticar o misterio.

En segundo lugar, é necesaria unha rigorosa asunción da historia dentro da teoloxía, como espazo aberto ao encontro co Señor.

«A capacidade de entrever a presenza de Cristo e o camiño da Igrexa na historia fannos humildes, e apártannos da tentación de refuxiarse no pasado para evitar o presente. Esta foi a experiencia de tantos estudiosos que empezaron sendo, non digo ateos, pero si un pouco agnósticos, e atoparon a Cristo. Porque a historia non pode entenderse sen esta forza»³.

É necesaria a liberdade teolóxica. Sen a posibilidade de experimentar camiños novos non se crea nada de novo, e non se deixa espazo á novidade do Espírito do Resucitado:

A cantos soñan cunha doutrina monolítica defendida por todos sen matices, isto pódelle parecer unha imperfecta dispersión. Pero a realidade é que tal variedade axuda a manifestar e a desenvolver mellor os diversos aspectos da inesgotable riqueza do Evanxeo (Exhort. ap. *Evangelií gaudium*, 40).

Isto comporta tamén unha revisión axeitada da *ratio studiorum*. Sobre a liberdade de reflexión teolóxica faría unha distinción. Entre os estudiosos, é necesario seguir adiante con liberdade; despois, en última instancia, será o maxisterio o que diga algo, pero non se pode facer unha teoloxía sen liberdade. Con todo, na predicación ao Pobo de Deus, por favor, non firades a fe do Pobo de

2 Carta ao Gran Chanceler da Pontificia Universidade Católica Arxentina no centenario da Facultade de Teoloxía, 3 marzo 2015.

3 Discurso aos participantes no congreso da Asociación de profesores de Historia da Igrexa, 12 de xaneiro de 2019.

Deus con cuestións controvertidas. Que as cuestións controvertidas queden soamente entre os teólogos. É a vosa tarefa. Pero ao Pobo de Deus é necesario darlle a substancia que alimente a fe, e non que a relativice.

Finalmente, é indispensable dotarse de estruturas lixeiras e flexibles, que manifesten a prioridade dada á acollida e ao diálogo, ao traballo inter- e trans- disciplinar e en rede. Os estatutos, a organización interna, o método de ensino, o plan de estudos, deberían reflectir a fisonomía da Igrexa «en saída». Todo debe orientarse nos horarios e nos modos que se favoreza o máis posible a participación daqueles que desexan estudar teoloxía: ademais dos seminaristas e os relixiosos, tamén os laicos e as mulleres, tanto laicas como relixiosas. En particular, a contribución que as mulleres están dando e poden dar á teoloxía é indispensable e ten que apoiarse, como facedes nesta Facultade, onde existe unha boa participación de mulleres docentes e estudantes.

Que este belísimo lugar, sede da Facultade teolóxica dedicada a san Luís, cuxa festa celebramos hoxe, sexa símbolo dunha beleza para compartir, aberta a todos. Soño con facultades teolóxicas onde se viva a convivencia das diferenzas, onde se practique unha teoloxía do diálogo e da acollida, onde se experimente o modelo poliédrico do saber teolóxico, en lugar dunha esfera estática e desencarnada. Onde a investigación teolóxica sexa capaz de promover un esforzado e fascinante proceso de inculturación.

Conclusión

Os criterios do Proemio da Constitución Apostólica *Veritatis gaudium* son criterios evanxélicos. O *kerigma*, o diálogo, o discernimento, a colaboración, a rede –agregaría tamén a parresia, que foi citada como criterio, que é a capacidade de estar ao límite, xunto á *hypomoné*, o tolerar, estar no límite para seguir adiante– son todos elementos e criterios que traducen o modo en que o Evanxeo foi vivido e anunciado por Xesús e mediante o cal pode ser transmitido hoxe polos seus discípulos.

A teoloxía despois de *Veritatis gaudium* é unha teoloxía kerigmática, unha teoloxía do discernimento, da misericordia e da acollida, que se lanza ao diálogo coa sociedade, as culturas e as relixións para a construción da convivencia pacífica de persoas e pobos. O Mediterráneo é a matriz histórica, xeográfica e cultural da acollida kerigmática practicada co diálogo e coa misericordia. Desta investigación teolóxica, Nápoles é exemplo e laboratorio destacado. Bo traballo!

Papa Francisco

© Copyright - *Libreria Editrice Vaticano*

Traduciu: Xesús Ledo Patao